

PREMIO PROVINCIAL RELATO CURTO EN LINGUA CASTELÁ: CONCURSO XOVES TALENTOS DE COCA-COLA

A nosa alumna Sara Pérez Martínez de 2º de ESO C, acaba de ganar o premio provincial do Concurso Xoves Talentos de Relato Curto da provincia da Coruña.

Trátase dun certame literario que convoca a Coca-cola anualmente co fin de fomentar a escritura creativa entre a xuventude, no que poden participar os estudantes de 2º de ESO, sempre que non superen os 16 anos.

No centro estamos moi orgullosos de Sara e celebramos o seu logro con ela, aínda que quedamos especialmente satisfeitos co traballo de todo o noso alumnado participante e agradecidos a Coca-cola por levar a cabo iniciativas deste tipo que lles fagan ver que a escritura é un xeito de expresión. Esta actividade motivou a toda a clase a comezar a escribir e atreverse a poñer as súas ideas en palabras sobre o papel.

